

LEITE. Galiza perdeu 66 millóns de euros en 2018 por cobrar o leite por baixo da media ▶ 7

VIÑO. Medio Rural muda as axudas para plantar viñado novo tras as denuncias do SLG ▶ 4 e 5



MINARÍA Celebrouse en Compostela do 15 ao 17 de febreiro
Tecendo redes por toda a Península Ibérica no IV
Encontro de ContraMINAcción ▶ Caderno Central

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLV - N° 324 - Xaneiro-Febrero 2019

REVOLTA FEMINISTA EN TODAS AS ALDEAS



Un ano máis, o 8 de marzo serviu para realizar unha campaña de mobilizacións multitudinarias na Galiza na que centos de miles de persoas encheron as rúas de cidades e vilas para esixir unha igualdade real entre homes e mulleres. Pola súa banda, e baixo o lema “Revolta Feminista en todas as aldeas”, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego levou o debate a diversas comarcas rurais galegas, cunha decena de actos e, os días 9 e 10 de marzo, coa celebración do XIV Encontro de Labregas, que este ano se celebrou na vila pontevedresa de Nigrán. Tamén tivo o SLG unha participación especial nos actos da Folga de Mulleres en Vilalba (Lugo). ▶ 20 e 21



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en [facebook](#)

[twitter](#)

EDITORIAL

No rural, con dereitos

Este 8 de marzo, miles de persoas volvememos a encher as rúas con reivindicacións de xustiza social, como garantir a igualdade de oportunidades e de dereitos nas condicións de traballo e na esfera social, unha sociedade xusta na que os coidados ás persoas sexan tarefa de todos e todas, ou que a vida estea no centro da axenda política.

Reivindicacións tan esenciais como ter soberanía sobre a vida que escollemos vivir, o dereito a unha vida sen violencias ou poder decidir libremente sobre os nosos desexos, os nosos corpos ou as nosas identidades concitan un apoio maioritario da sociedade actual.

Miles de mulleres galegas de procedencia moi diversa apoiamos un manifesto acordado colectivamente no que, entre outras demandas, figura o dereito á soberanía alimentaria. Fronte á globalización agroalimentaria, concebida segundo os intereses das grandes empresas e do capital financeiro, a Vía Campesina, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego, lanza a política

alternativa da soberanía alimentaria, como o dereito dos pobos a decidir e controlar de forma autónoma a súa alimentación, que



debe ser saudable, de calidade e culturalmente apropiada, baseada no modelo agroecolóxico e garantindo unhas condicións dignas de traballo para as persoas labregas.

Miles de persoas están a apoiar unhas mobilizacións que dan máxima relevancia á alimentación e aos traballos domésticos, en tanto que esenciais para a vida, á vez que cuestionan con claridade o mercado e os intereses do capital como eixe fundamental das políticas.

✓ Con capitalismo non hai feminismo

O Partido Popular, a determinada altura, manifestou que estaba de acordo con reivindicacións de igualdade pero que non compartía outras que puxeran en entredito o modelo económico capitalista, o cal resulta verdadeiramente un oxímoron. Mesmo algúns colectivos vinculados ao PSOE, como as representantes de Fademur, manifestaron a súa disconformidade con reivindicacións como a soberanía alimentaria. A postura delas é coherente coas posicións que defenden estes partidos políticos, partidarios dos acordos económicos e de investimentos entre países nos que se lles garanten ás empresas transnacionais privilexios e grandes beneficios, apoiando a produción industrial de alimentos a costa da destrución das granxas familiares, privatizando servizos públicos ou aplaudindo unhas regras de competitividade coas que a xente labrega está sometida a abusos constantes e prezos ruinosos.

A boa nova é que, con estas mínimas excepcións, os colectivos feministas consideran que a alimentación, o traballo labrego e a vida das persoas deben estar no centro das políticas, así como que o dereito á soberanía alimentaria é un elemento fundamental da nosa táboa reivindicativa común.

“Os colectivos feministas consideran que a alimentación, os traballos labregos e a vida das persoas deben estar no centro das políticas, así como o dereito á soberanía alimentaria é un dos elementos fundamentais da nosa táboa reivindicativa común”

O 8 de marzo foi un marabilloso día de sementeira de dereitos que temos que regar e coidar para que vaian agromando nos vindeiros tempos. Dende a Secretaría das Mulleres do SLG dedicaremos este 2019 a construír un rural con dereitos. Debemos pasar dos xestos aos feitos. Non permitiremos que se sigan a destruír servizos no medio rural, e seguiremos a espallar as loitas do feminismo e pola soberanía alimentaria dos pobos cada un dos 365 días do ano. A estas alturas tampouco é de recibo que haxa organizacións agrarias ou cooperativas, que mesmo están a ser beneficiarias de importantes programas de apoio público, nas que as mulleres seguen sen estar en condicións de igualdade nos postos de responsabilidade. As administracións públicas deben asumir dunha vez por todas a débeda histórica que teñen coas mulleres labregas e o primeiro paso é impulsar dun xeito decidido a figura da titularidade compartida nas granxas.

Non se trata de ningunha moda. Trátase de xustiza social. Feminismo e Soberanía Alimentaria forman parte do ADN do noso movemento labrego. Globalicemos a loita, globalicemos a esperanza!

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Isabel Vilalba Seivane, Carme Cabarcos, Xavier Simón, Conchi Docampo, Mónica Branco e Diego Sánchez Agra.

PECHE DE EDICIÓN 15-03-2019

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

Observatorio Eólico de Galicia: Unha ferramenta para mudar os resultados da eólica no medio rural

por Xavier Simón Fernández, coordinador do Observatorio Eólico de Galicia



O Observatorio Eólico de Galicia (OEGA), coordinado pola Universidade de Vigo (UV), nace pola vontade decidida da Fundación Juana de Vega (FJV) e a Fundación Isla Couto (FIS) de contribuír á conservación e desenvolvemento do medio rural, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas. Ambas entidades privadas colaboran con diferentes institucións do País para promover os traballos, iniciativas e experiencias de acción comunitaria, económica e social, requiridos na actual situación de cambio en que vivimos para a pervivencia da nosa identidade colectiva galega nun contexto de maior xustiza social, tamén enerxética.

Esta colaboración entre o ámbito privado e público, con ese espírito de provocar a transformación positiva do medio rural, xa tiña uns antecedentes no caso de enerxía eólica en Galicia. Desde 2010 a UV e a FJV teñen traballado de maneira conxunta a prol do desenvolvemento rural de Galicia, realizando traballos no eido da enerxía eólica. Como consecuencia desa colaboración analizouse o impacto económico e social da enerxía eólica no mundo rural galego que permitiu establecer as seguintes conclusións.

✓ Baixas rendas respecto do resto do Estado e Europa

Primeira, os propietarios das terras eólicas en Galicia perciben unhas rendas que se poden considerar baixas, se as comparamos coas que se reciben noutras comunidades autónomas, e moi cativas se temos en conta o que se percibe polo

“@s propietari@s das terras eólicas en Galicia perciben unhas rendas (...) moi cativas se temos en conta o que se percibe polo uso das terras agrarias cando @s labreg@s teñen participación no capital social das empresas eólicas, como ocorre en Dinamarca ou Alemaña ”

uso das terras agrarias cando os labregos teñen participación no capital social das empresas eólicas, como ocorre en Dinamarca ou Alemaña. **Segunda**, o forte desenvolvemento eólico que ocorreu desde mediados dos 90 ata 2008 realizouse nun contexto de forte debilidade negociadora por parte dos propietarios das terras eólicas. Os promotores eólicos eran poucos (non superaban os 20), estaban organizados e moitos contaban con experiencia internacional no desenvolvemento enerxético, polo que tiñan equipos humanos moi preparados para alcanzar un elevado éxito nas “negociacións”. E os poucos promotores que daquela non pasaban de ser un grupo de amigos, técnicos, amigos con bos amigos, que non contaban con ningunha experiencia “negociadora”, se beneficiaron, como todos, dun marco normativo que lles daba todas as garantías de éxito no desenvolvemento eólico. Entre elas: a declaración da utilidade pública e a opción da expropiación forzosa, a urxente ocupación das terras e a autorización de instalacións enerxéticas sen data de caducidade. **Terceira**, malia este contexto de baixas rendas e fraca posición negociadora descubríronse comunidades rurais onde se instalaran parques eólicos que conducían iniciativas innovadoras, de natureza produtiva ou non produtiva, que estaban a transformar sustentablemente o medio rural.

Como consecuencia de todo o anterior, ponse en marcha o Observatorio Eólico de Galicia para impulsar accións que promovan **i)** unha maior equidade no reparto dos beneficios da actividade eólica no mundo rural, e **ii)** maiores oportunidades de participación e actuación para os axentes que habitan no mundo rural.

Para alcanzar estes obxectivos requírese un alianza de diferentes estamentos e axentes sociais que de forma coordinada deseñen propostas de actuación que impacten nos diferentes ámbitos implicados no desenvolvemento enerxético de Galicia. Así, **as actuacións deben ir encamiñadas a (i)** poñer cambios normativos nos ámbitos da planificación territorial e enerxética; **(ii)** impulsar a transferencia de información cuantitativa e cualitativa entre os axentes participantes; **(iii)** favorecer a transparencia dos procesos eólicos; **(iv)** amosar os impactos positivos das boas prácticas eólicas no mundo rural.

A Fundación Juana de Vega, a Fundación Isla Couto e a Universidade de Vigo crean o Observatorio Eólico de Galicia para desenvolver no curto prazo eses obxectivos. O máis urxente é asesorar ós propietarios e propietarias neste novo boom eólico que se está a producir no rural galego.

Aproveitamos esta oportunidade que nos dá o FOUCE para deixar o noso contacto e indicar

tres breves consellos:

1. Os eólicos chegan ó rural para ficar nel toda a vida, a nosa e todas as vidas que poindamos imaxinar. Non teñen data de caducidade. Cando estean vellos porán outros no seu lugar, máis grandes e máis produtivos, como está a ocorrer en Bergantiños, por exemplo.


2. Os propietarios e propietarias deberían unirse e negociar conxuntamente co promotor. So mediante a unión dos pequenos se poderá mellorar o resultado final, individual e colectivo.

3. Non se debe ter présa en asinar o primeiro que nos ofrezan. Por moito que nos pareza sempre será pouco en relación ó que poderían, e deberían, ofrecer.

Todos e todas queremos evitar o cambio climático, especialmente os labregos e labregas. Pero non foron estes, e menos os que teñen unha base familiar, os maiores responsábeis dese grave problema. A Administración autonómica e a estatal, e os promotores das renovábeis, deben abrir a súa mente, e mudar as leis, para dar maior cabida ós habitantes do rural nese novo negocio. A transición enerxética a un modelo de baixo consumo fósil por medio de aeroxeradores require das terras do rural pois todos se instalan aí. O futuro da nosa sociedade ninguén o concibe sen un rural vivo, con moradores, labregos e labregas. Os dous procesos son compatibles, pero ata agora pouco se fixo para que tal cousa ocorrera. O Observatorio Eólico de Galicia traballa para mudar esa tendencia.

Contacto:
observatorio.eolico@uvigo.gal

Quen levou o groso das axudas á reestruturación do viñedo na Galiza en 2017 e 2018?



VIÑO ▶ As rioxanas Ramón Bilbao e CVNE son as que máis cobraron nas dúas últimas convocatorias destas subvencións, acumulando 202.952 € e 119.611 € respectivamente

Cinco grandes adegas acapalaron o 43% das axudas de reestruturación de 2018

Entre as empresas foráneas que captan cartos da Xunta está tamén González Byass, de Xerez, que suma máis de 60.000 euros

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a resolución das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia o pasado 15 de xaneiro. Tras analizala, concluímos que, do mesmo xeito que na pasada convocatoria destas subvencións, foron de novo os grandes grupos empresariais os que máis se beneficiaron en detrimento das pequenas adegas e dos viticultores e viticultoras. E, como hai un ano, A Rioxa volveu levar un bo anaco do pastel.

Desta vez, tocaba repartir unha partida de 668.893 € entre as 59 persoas beneficiarias que superaron os requisitos esixidos. Deses cartos, 46.242 € foron caer de novo a Ramón Bilbao (nas axudas da convocatoria pasada xa levara 156.710 €, acaparando o 21% do orzamento destinado a esa fin en 2017), que este ano acadou o terceiro posto no podio das subvencións máis grandes. Entre as axudas á reestruturación de 2017 e 2018, Ramón Bilbao suma 202.952 €. O grupo Ramón Bilbao é propietario da Adega Mar de Frades, en Rías Baixas.

Seguiulle, no cuarto posto, a empresa Agrogalir (Compañía Vinícola del Norte de España CVNE da Rioxa, que mercaron en

2017 Virxe de Galir, da DO Valdeorras), con 44.858 €; esta adega rioxana obtivo, nas axudas de 2017, 74.753 €, polo que nas dúas últimas convocatorias suma 119.611 €.

Tamén volveu recibir subvención de Medio Rural o grupo empresarial González Byass (Xerez, Cádiz), con 8.983 €, cartos que habería que sumar aos 51.115 € que ingresou en 2017 polo mesmo concepto. Todas estas empresas de fóra de Galiza quedaron con case o 16% do orzamento en 2018.

Se analizamos os primeiros cinco postos absolutos de 2018, en primeiro lugar teríamos Lagar de Fornelos (Rías Baixas), con 105.179 €; en segundo, Terras Gauda (51.159 €, despois

dunha axuda o ano pasado de 61.907 €); e tras Ramón Bilbao e CVNE, repite tamén no podio Adegas Campante (Grupo Reboreda Morgadío) no quinto posto, con 38.320 € (en 2017, levou 27.451).

En total, os cinco primeiros beneficiarios das axudas á reestruturación do sector vinícola na Galiza de 2018 suman 285.758 euros, que supoñen case o 43% do orzamento destinado a estas axudas.

Os postos do podio móvense se sumamos as axudas acumuladas en 2017 e 2018. Aí, as adegas rioxanas Ramón Bilbao e CVNE (Compañía Vinícola del Norte de España) ocupan sen discusión os dous primeiros postos (ver infografía).

As denuncias do Sindicato Labrego obrigan a Medio Rural a rectificar nas axudas de 2019

No último Consello Agrario Galego do 11 de febreiro, o conselleiro informou que na nova convocatoria de axudas á reestruturación permitiráselle aos viticultores e viticultoras que realicen as plantacións polos seus propios medios, sen recorrer a empresas.

As persoas que soliciten estas axudas e fagan as plantacións con medios propios deben ter en conta que, de cara a xustificar, vanse esixir facturas de todos os materiais e gastos que requiriron os traballos, polo que é conveniente pedilas e conservalas.

✓ Dous anos de denuncias

Esta rectificación da Consellaría de Medio Rural nas axudas á reestruturación produciuse tras dous anos de denuncias do SLG, que puxo o foco no reparto inxusto dos fondos públicos que, até agora, estaban a servir para concentrar cada vez máis a produción en menos mans, favorecéndose o crecemento das adegas máis grandes que están a ter cada vez un maior dominio sobre a produción, os prezos da uva, o mercado e o sector.

Nos últimos anos, as regras do xogo impostas por Medio Rural condenaron os proxectos de menor dimensión a ficar marxinados. Precisamente, un dos maiores atrancos que tiñan era a obriga de encargar os traballos de nova plantación, con independencia da superficie, a unha empresa, co cal a cativa subvención á que podías aspirar cubría unha parte mínima dos gastos. As grandes adegas, pola contra, con persoal técnico en nómina e grandes sumas de capital para investir, tiverono até agora moito máis doado, tal e como se viu.

Con estas regras do xogo, o abandono no sector vitícola segue a ser un fenómeno crecente que permite ás grandes empresas do sector seguir acaparando terras e mercados en detrimento dun medio rural vivo.

FAUNA SALVAXE ▶ Medio Ambiente só accedeu a rectificar a obriga de mercar mastíns e cans de garda inscritos en libros de xenealoxía

Fronte para pedir melloras nas axudas de prevención de ataques da fauna

A Consellaría publicou a orde que regula estas subvencións sen escoitar as propostas dos sectores agrogandeiros afectados

Diante da publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), o 8 de xaneiro, das axudas para medidas preventivas dos ataques da fauna salvaxe, o Sindicato Labrego Galego, UUA, Agaca e a Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, chegamos a un acordo para solicitar da Consellaría de Medio Ambiente a súa derogación. Esta orde de axudas foi redactada sen ter en conta a opinión nin as achegas dos sectores afectados e contén graves erros que deberían ser corrixidos.

En concreto, pedimos a publicación dunha nova orde que contemplase as seguintes modificacións:

■ Valados

✓ Modificacións no texto referente aos valados fixos: Eliminación da esixencia de ter todos os permisos e licenzas (licenza de obras municipal, autorización de augas, de patrimonio, de medio ambiente en caso de Rede Natura 2000,...) no momento de solicitude da axuda. Isto debería ser substituído pola presentación dunha declaración responsable de ter solicitadas tódalas licenzas e autorizacións no momento da solicitude.

✓ Revisión profunda da memoria técnica e das características dos valados, pois enterrar menos de 30 centímetros as estacas para un peche de 1,70 m. fará que en pouco tempo o valado caia ao chan. Tamén habería que revisar o requisito de enterrar a malla.



✓ Incremento da dotación orzamentaria para esta medida por ser insuficiente.

■ Compra de mastíns e cans de garda.

✓ Dende as organizacións asinantes, cremos que se debe eliminar a obriga de ter que comprar cans inscritos no libro xenealóxico da raza do can, tal e como establecía nas anteriores convocato-

rias. Esta foi a única proposta de emenda que foi aceptada como resultado da forte contestación do sector, obrigando á Consellaría de Medio Ambiente a publicar no Diario Oficial de Galicia unha corrección de erros, suprimindo esta obriga.

✓ Eliminación do can de palheiro como animal de protección do gando.

A nova orde de axudas debería ter o consenso d@s afectad@s

Dende as organizacións asinantes deste acordo explicamos que *“lamentablemente, logo de múltiples reunións e intentos de achegar as nosas propostas e posturas sobre a orientación das axudas ao longo de 2018, non recibimos ningunha confirmación sobre as nosas peticións e atopámonos agora cunha axuda mal planificada de orixe e con cambios, respecto das últimas publicadas en 2017, que van en contra das propostas presentadas e da realidade do sector”*.

Para evitar que isto volva acontecer, tamén demandamos a apertura dunha rolda de encontros para a elaboración dunha nova orde de axudas na que se escoiten e incorporen as propostas transmitidas polas entidades representativas dos sectores afectados.

SERVIZOS ▶ A escaseza de recursos obriga a privatizar servizos públicos ao agro a través de bancos e xestorías

O SLG denuncia o desmantelamento das oficinas agrarias comarcais

En varias comarcas o persoal é totalmente insuficiente en plena campaña para solicitar as axudas da PAC

O Sindicato Labrego volveu denunciar o desmantelamento que está a sufrir a rede de oficinas agrarias comarcais (OAC) na Galiza, cada vez con menos medios materiais e humanos para desenvolver o seu labor.

Entre outras accións concretas, o SLG interpelou á Consellaría de Medio Rural para que dote de recursos suficientes a oficina de Xinzo de Limia. No escrito presentado denunciábase que *“sendo a OAC de Xinzo de Limia a que conta con maior carga de traballo de todas as oficinas agrarias comarcais da provincia de Ourense e de Galicia, tanto en volume como en número de explotacións (...), leva varios meses sen técnicos para tramitar axudas nin para xustificar as xa aprobadas”*.

A gravidade deste feito medra se pensamos que o 1 de febreiro abriuse o prazo para tramitar as axudas da Política Agraria Común (PAC) e que, en pouco tempo, comezarán as campañas de gran complexidade para solicitar subvencións como as de novas incorporacións, os plans de mellora, etcétera, que supoñen unha carga de traballo extraordinaria á que non van poder responder dende a maioría das oficinas agrarias galegas.

A situación tórnase preocupante se temos en conta que os labregos e labregas acoden decotío a servizos privados de xestorías e entidades bancarias onde, na maior parte dos casos, non teñen *“a capacitación nin os coñecementos para realizar os trámites que prestaban os servizos técnicos das oficinas agrarias comarcais, ocasionando en moitas ocasións prexuízos ás explotacións agrícolas e gandeiras por erros de solicitude e tramitación”*.

MANIFESTAMOS:

A nosa preocupación polo desmantelamento dos servizos públicos no medio rural que afecta de forma xeneralizada á estrutura periférica das oficinas agrarias comarcais.

No caso concreto da Oficina Agraria de Lugo, a situación de falta de cobertura de persoal é insostible tanto para o persoal empregado público que aínda queda (por ter que asumir unha carga de traballo desbordante), como para os/as administrados/as que se lle presta servizo.

SOLICITAMOSLLE:

En base ao artigo 40.a. da Ley 7/2007, de 12 de abril, do *Estatuto Básico do Empregado Público* (BOE nº 89); se dote de forma urxente á OAC de Lugo do persoal necesario e recollido na RPT do Medio Rural para que se poda prestar un servizo público adecuado e de calidade, coa cobertura de un/unha administrativo/a e dous/dúas técnicos/as.

Lugo, 7 de marzo de 2019



Conselleiro do Medio Rural.
San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela

Fragmento da carta
remitida polo persoal da
OAC de Lugo á
Consellaría de Medio Rural

O persoal da OAC de Lugo reclama medios ao conselleiro

A situación é tan grave que o persoal das propias oficinas agrarias está a denunciála. Así aconteceu cunha carta enviada pola OAC de Lugo ao conselleiro, o 7 de marzo, denunciando unha *“falta de cobertura de persoal insostible”* e a *“preocupación polo desmantelamento dos servizos públicos do medio rural”*.

A OAC de Lugo dá cobertura, ademais de Lugo, aos concellos de Portomarín, Guntín, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade, con 7.231 granxas, das cales 694 son prioritarias. Atende máis de 6.000 persoas por ano, xestionan uns 1.500 expedientes e máis de cinco millóns de euros en axudas públicas.

ELECCIÓNS ▶ A súa xestión está cada vez máis politizada Medio Rural marxina as organizacións labregas das xuntanzas sobre agricultura

O pasado 26 de febreiro, o director xeral de Gandaría e Agricultura, José Balseiros, reuníase con colectivos e asociacións da Limia para tratar cuestións como o regadío ou a xestión dos xurros na comarca.

A xuntanza realizouse sen convocar as organizacións agrarias, únicas representantes lexítimas dos labregos e das labregas dende as eleccións a cá-

maras celebradas en 2002. Naqueles comicios, o Sindicato Labrego Galego quedara como a forza máis votada na mesa electoral de Xinzo de Limia, co 43'5% dos votos.

Sen querer restar importancia ou representatividade a outras asociacións vinculadas ás actividades agrícolas e gandeiras na comarca, a exclusión das organizacións agrarias deslexi-




O director xeral Xosé Balseiros

timou esta xuntanza convocada por Medio Rural. O que fixo a Consellaría de Medio Rural en Xinzo con esta reunión é o mesmo que se, querendo convocar as forzas políticas da comarca nun encontro, excluíse do mes-

mo os partidos políticos que acadaron representación nas eleccións municipais.

Dende o SLG lamentamos a evidente politización de actos coma este, en vésperas de eleccións municipais, que deberían servir para buscar consensos amplos sobre as necesidades reais do agro e do rural e que, ao final, quedan só nunha foto para ser utilizada con fins propagandísticos. Por iso, esiximos á Consellaría de Medio Rural que, a próxima vez que convoque unha xuntanza coma esta, teña a decencia de convocar tamén aos labregos e ás labregas para quen se supón está a traballar e gobernar.



Fontes consultadas: Milk Marquet Observatory e Fondo Español de Garantía Agraria (Fega)

LEITE ▶ As perdas supoñen 5'5 millóns de euros mensuais tras calcular a diferenza entre o valor medio europeo e o galego mes a mes

Galiza perdeu 66 millóns en 2018 por cobrar o leite por baixo da media UE

As nosas granxas seguen apandando cun dos peores prezos da UE e co peor do Estado dende marzo, por baixo dos 32 céntimos

O diferencial existente entre o prezo medio do leite na Unión Europea e na Galiza supuxo para as nosas granxas unhas perdas de 66 millóns de euros en 2018, o que dá unha media de 5'5 millóns de euros por mes. Isto acontece por termos un dos prezos máis baixos da UE, cunha media de 31'7 céntimos en decembro de 2018, segundo os últimos datos publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria (Fega).

Se comparamos o prezo medio do leite na Galiza con outros países e rexións produtoras, o panorama é desolador. Só hai cinco países na Unión Europea cuxo prezo medio estea por baixo do galego: Bulgaria, Romanía, Hungría, Lituania e Letonia.



No outro extremo dos prezos estarían algúns dos principais produtores de leite da UE, cun valor medio en decembro de 2018 de: Austria (39'20), Irlanda (38'84 céntimos), Holanda (37'25), Italia (37'20), Alemaña (37'16), Dinamarca (36'97), Bélxica (36'46) ou Franca (36'35).

Metendo no mesmo saco os 28 países da UE, o prezo medio do leite comunitario en decem-

bro de 2018 foi de 35'87 céntimos (de 36'06 céntimos en novembro).

Ese prezo medio está moi preto do que se paga na veciña Asturias, onde as granxas cobraron unha media de case 35 céntimos por litro en decembro de 2018. Mesmo Baleares, que a comezo de 2018 era a única comunidade do Estado cun prezo medio inferior ao galego, acadara valores de 33'7 céntimos a finais de ano. De feito, Galiza ten o peor prezo medio para o leite no Estado Español dende marzo, sempre por baixo dos 32 céntimos.

Isto contrasta coa bonanza dos prezos do leite xeneralizada en boa parte da Unión Europea. A alza no valor do leite explícase polo incremento do prezo da manteiga, que se mantivo en valores que van dos 4'5 € aos 6'5 € por quilo durante os anos 2017 e 2018. A tendencia é que isto siga así e que, polo tanto os prezos do leite suban.

As industrias forzan a sinatura de contratos para pechalos á baixa

A pesares da alza de prezos en toda Europa, dende o SLG estamos a constatar que as industrias non teñen pensado repercutir esa revalorización nas granxas, polo menos non segundo o incremento de beneficios que elas están a recadar. En diversas comarcas, soubemos de distintas industrias que están acelerando a sinatura de contratos antes do vencemento dos vixentes e antes de que os prezos suban máis a nivel internacional. Nas súas ofertas, ofrecen incrementos moi pobres, en torno a 1 e 1'5 céntimos. Se temos en conta a suba nos custos de produción e o aumento do valor do leite nos mercados internacionais, ese cativo aumento pódese considerar como unha revisión dos contratos á baixa.

Dende o Sindicato Labrego Galego non podemos máis que expresar a nosa indignación coas industrias, por forzar a que Galiza siga no furgón de cola de Europa en canto a prezos; e tamén a nosa indignación coa Consellaría de Medio Rural, que segue totalmente despistada sen facer absolutamente nada diante desta situación.

Por todo o devandito, esiximos que Medio Rural convoque os axentes do sector nunha nova Mesa do Leite para debater estes temas e esixir das industrias que repercutan no prezo do leite das granxas galegas as subas que se están a experimentar dende hai meses en toda a Unión Europea. Tal e como está o mercado na actualidade, o prezo medio do leite na Galiza non debería baixar dos 35 céntimos para achegarse á media comunitaria. E pagar por baixo dese prezo, coñecendo as cotizacións no mercado lácteo, é estafar a través da extorsión dos contratos ás nosas granxas.

MONTES ▶ O Sindicato Labrego Galego, a Asociación Frouma e Amig@s da Terra volvemos denunciar a imposibilidade de participar ou facer achegas á política contra os incendios

O mal funcionamento do Consello Forestal exclúe os axentes sociais do sector

O Conselleiro de Medio Rural négase a crear a Mesa dos Lumes á que se comprometeu o director xeral Fernández Couto

Trala celebración da última xuntanza do Consello Forestal, o pasado 19 de febreiro, o Sindicato Labrego Galego, Asociación Frouma e Amigos da Terra denunciámos, unha vez máis, a exclusión dos axentes do sector á hora de dialogar e traballar para facer políticas forestais de consenso.

Valoramos positivamente os cambios producidos na estrutura da Consellería do Medio Rural en materia de Montes e a vontade da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal de volver utilizar este órgano como medio de traslado de información do sector. Pero, a pesares desta valoración positiva, cremos que o Consello Forestal é moito máis ca iso e o conselleiro non parece querer afondar nas súas funcións.

Dende a súa creación no ano 2004 como órgano consultivo e asesor da Administración, o Consello Forestal de Galicia coxeou na súa faceta de ser a “*canle de participación dos axentes sectoriais, sociais e científicos para a elaboración e execución de políticas orientadas ó desenvolvemento sustentable*”, tal como marca a Conferencia de Nacións Unidas dende o ano 1992. E, nos últimos tempos, converteuse nun instrumento de trámite para xustificar unha consulta pública que, en realidade, non se produce.

No último pleno do Consello Forestal, o conselleiro aludiu sempre á *Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal,*

de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia e aos grupos de expertos creados no Parlamento de Galicia, como única vía de traballo para a elaboración das políticas forestais. Entendemos que o labor político é moi necesario, pero non o é menos a participación das organizacións sociais e sectoriais que traballamos e vivimos cada día no medio rural.

Concretamente, no aspecto da prevención e defensa contra os incendios forestais, o conselleiro negounos en repetidas ocasións a solicitude de creación dunha Mesa dos Lumes no seo do Consello Forestal, onde poder aportar e debater propostas para avanzar nunha solución a esta problemática do territorio galego, que ten moito que ver coas políticas forestais e do medio rural.

Cómpre recordar que a creación desta mesa de traballo foi un compromiso adquirido pola



Imaxe de arquivo dunha sesión do Consello Forestal de Galicia, coa ex-conselleira Ángeles Vázquez e os representantes do Sindicato Labrego en primeiro termo

Consellería de Medio Rural, a través de Tomás Fernández Couto, na anterior convocatoria do Consello Forestal (18 de abril de 2018), trala polémica

xurdida pola tramitación do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) e a presión das organizacións sociais.

A visión do monte da Xunta segue a ser a de producir madeira de baixa calidade

Dende a Xunta de Galicia volven a poñer a política de costas ao pobo, en troques de contar coa experiencia e traballo dos axentes sociais.

Como membros do Consello Forestal de Galicia, e tal como se recolle nas súas funcións, queremos seguir “*impulsando o diálogo, participación e colaboración das administracións, institucións, asociacións de propietarios e propietarias e de comunidades de montes veciñais e demais axentes sociais, económicos e ambientalistas implicados no sector forestal e no uso sustentable dos montes galegos, propiciando o intercambio de información, entre todos e todas as integrantes do Consello, dos temas que sexan obxecto de debate no sector forestal*”, pero parece que o PP non está polo labor.

O goberno da Xunta de Galicia e o PP seguen

sen ter en consideración os axentes sociais representativos do sector forestal do país. Seguen tendo unha visión dos montes unicamente co fin de producir madeira de baixa calidade, deixando de lado a multifuncionalidade e a loita contra o cambio climático. A Consellaría de Medio Rural segue sen dar prioridade á imprescindible xestión sustentable dos montes e ecosistemas forestais de Galicia para conseguir o desenvolvemento económico, ecolóxico e social do conxunto do país.

Por enésima vez solicitaremos que dentro do Consello Forestal, tal e como establece o decreto que o regula, “*constituír comisións e grupos de traballo*” que integren e desenvolvan as políticas forestais que Galicia precisa.

PATACA ▶ O escurantismo da Xunta na crise pola praga da *Tecia solanivora* é total e a única comunicación oficial ao respecto é unha circular interna nas oficinas agrarias comarcais


O SLG pide xuntanzas informativas nas zonas afectadas pola couza da pataca

Existe unha grande confusión nas familias afectadas pola prohibición a causa da difusión de novas contraditorias

O 30 de xaneiro, o vicerresponsábel do Sector de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego Galego, Henrique Outes, rexistrou un escrito dirixido ao conselleiro de Medio Rural no que se denunciaba o escurantismo da Consellaría á hora de tratar a crise da couza guatemalteca.

As familias que cultivan pataca nas zonas afectadas só están accedendo á información sobre a xestión desta praga a través dos medios de comunicación que, en ocasións, publican datos contraditorios que non fan máis que xerar unha maior confusión, realizando un labor informativo que debería corresponder, en primeiro termo, á propia Xunta de Galicia.

Así, cóstanos que o sector produtor das zonas en corentena recibiu con optimismo as novas de que os controis da couza guatemalteca están a funcionar de cara a erradicar a praga, inferindo que, polo tanto, axiña poderán volver cultivar patacas con normalidade. Porén, fontes da propia Consellaría de Medio Rural consultadas polo Sindicato Labrego Galego afirman que é moi improbable que se erradique a praga e que o criterio para levantar as prohibicións é o de deixar pasar dous anos sen cultivar dende a captura do último exemplar de *Tecia solanivora*. Tendo en conta que en 2018 se seguiron atrapando exemplares de couza guatemalteca en tódalas zonas afectadas, a prohibición de plantar vai para longo. Pero o



Expansión da couza da pataca en Galicia entre 2015 e 2018 Dominio Público Praza Pública

sector produtor e familias afectadas pola prohibición non teñen ningunha declaración nin dato oficial da Xunta de Galicia ao respecto, polo que non saben nada.

O problema é que a desinformación no sector é total. A única interlocución entre os produtores e produtoras afectadas e a Consellaría de Medio Rural é unha circular de uso interno

para as oficinas agrarias comarcais, cando toda a información existente sobre esta crise debería ser de acceso público e, en especial, para as explotacións agrícolas en corentena.

Medio Rural debe contar cos produtores e produtoras para xestionar a crise

Por todo o devandito, dende o SLG demandamos da Consellaría de Medio Rural a convocatoria de reunións e asembleas informativas abertas en tódolos concellos das zonas afectadas polas restricións no cultivo da pataca para informar ás persoas, familias e entidades afectadas pola crise sobre como se está a desenvolver a loita contra a *Tecia solanivora*, que accións se están a levar a cabo, cales son as previsións, canto se estima que se van prolongar as prohibicións, etcétera.

A maiores, pedimos que Medio Rural nomee representantes das organizacións agrarias para participar no grupo de traballo que se encarga de

xestionar a loita contra a couza; e que se nos remita un informe no que se nos faciliten os datos das trampas, a evolución da praga por concellos, todas as accións que se teñen desenvolvido e os medios empregados na loita contra a *Tecia solanivora* na Galiza, así como os resultados da mesma e unha previsión de actuacións para o ano actual e de cara ao futuro. E, máis alá de que esta información se nos poida dar agora de maneira puntual, tamén solicitamos información periódica sobre as novas accións e decisións a desenvolver nesta loita, así como sobre a evolución da mesma mentres dure a campaña de erradicación.



Domingo **31 de marzo** de 2019

Lectura pública da Declaración de Dereitos Labregos

Bo día compañeiras e compañeiros

Queremos facervos partícipes dunha xornada importante para a organización.

O 17 de decembro de 2018, na sede das Nacións Unidas de Nova York, levábase a cabo a votación coa que se aprobaba a Declaración dos dereitos dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais. Foi na terceira comisión da Asemblea Xeral da ONU e por unha contundente maioría de 121 votos a favor, 8 en contra e 52 abstencións. Conseguida a primeira conquista global do campesiñado, agora tócanos a cada organización da Vía Campesina traballar na nosa área de influencia para que eses dereitos se leven á práctica.

Desta maneira, culminou un proceso iniciado hai 17 anos pola Vía Campesina e apoiado por numerosos movementos sociais e organizacións aliadas, como FIAN International e CETIM, e no que o Sindicato Labrego Galego tamén ten contribuído.

Máis alá do seu enorme valor simbólico, as convencións das Nacións Unidas teñen carácter obrigatorio para os estados membros da ONU, polo que esta Declaración de Dereitos Labregos pode ser unha ferramenta extraordinaria para pedir contas e esixir cambios nas políticas dos gobernos en todas aquelas loitas nas que se vulneren os dereitos do campesiñado agora recoñecidos.

O Sindicato Labrego Galego, como organización que forma parte da Vía Campesina, quere dar a coñecer na Galiza este gran fito para os labregos e labregas entre todas as persoas, colectivos e organizacións sociais que traballan en cuestións como a defensa da terra ou a soberanía alimentaria. Para iso, o vindeiro domingo **31 DE MARZO**, realizaremos unha lectura pública da Declaración de Dereitos Labregos. O acto terá lugar no **SALÓN NOBRE DO PAZO DE FONSECA (Santiago de Compostela)** ás **11.00 HORAS** e encantaríanos que nos acompañases.

Agardando contar coa túa presenza, leva unha agarimosa aperta dende o Sindicato Labrego Galego.



Isabel Vilalba Seivane,
secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego



En caso de acudir, pregamos confirmen asistencia chamando ao 981 554 147 ou en nacional@sindicatolabrego.gal



IV ENCONTRO DE CONTRAMINACIÓN ► A Rede contra a Minaría Destrutiva na Galiza ContraMINAcción desenvolveu, do 15 ao 17 de febreiro, o seu IV Encontro. Nesta ocasión, acudiron representantes de catorce organizacións e plataformas de toda a Península Ibérica que están a enfrontar nos seus respectivos territorios a ameaza, o impacto directo ou as secuelas da actividade mineira. Precisamente, esta pluralidade de voces serviu para tirar varios denominadores comúns que se están a dar nesta loita.

ContraMINAcción xunta a loita contra a minaría destrutiva na Península

En primeiro lugar, estamos a vivir a nivel global un auténtico boom da minaría, coa multiplicación exponencial de solicitudes de prospección e extracción. Só en España, hai unhas 3.000 explotacións mineiras en activo, das cales 360 están na Galiza. O incremento imparable do consumo a nivel mundial está levando a maiores demandas de recursos mineiros e ao esgotamento dos xacementos tradicionais. De feito, as empresas mineiras explotan xacementos cada vez máis dispersos e que precisan de métodos de extracción moito máis agresivos pola súa dificultade de obtención. E ás veces nin eso: fanse con conce-

sións só para especular con elas e facer negocio revendéndoas tras obter plusvalías ou demandando a gobernos para obter compensacións económicas millonarias.

Diante desta ameaza global que acapara grandes áreas territoriais onde a minaría entra en colisión con outras actividades económicas esenciais, como as agrogandeiras, ou coa propia vida e saúde das persoas, chegamos á conclusión de que a clase política está a suspender na súa función de defender os intereses xerais da cidadanía. Diversas testemuñas explicaron que, con independencia do partido político que governe, sexa de

esquerdas ou de dereitas, os gobernos e as administracións de calquera rango case sempre se poñen da banda dos intereses das empresas mineiras.

✓ Política e mineiras da man

Así as cousas, son os colectivos e plataformas sociais quen están a defender en solitario os intereses das comunidades ameazadas ou afectadas pola minaría. E fano loitando tamén contra as propias administracións, que entorpecen o seu labor con todo tipo de atrancos burocráticos, ocultan información, modifican as normativas e leis para favorecer os intereses mineiros e, decotío, miran cara

a outro lado cando estas vulneran a legalidade.

De aí a importancia deste IV Encontro de ContraMINAcción, pois agardamos que esta primeira toma de contacto entre colectivos contra a minaría de Galiza, España e Portugal poida servir para establecer lazos de colaboración que melloren a nosa capacidade para plantarlle cara a unha actividade industrial absolutamente insostible, que arrasa os territorios que explota deixándoos inservibles para calquera outra actividade e que, invariablemente, nunca se fai responsable do dano causado nin restaura a destrución que deixa ao seu paso.

Redes de solidariedade e indignación



FELIPE YUSTE ▶ No a la Mina de Uranio en Campocharro

Felipe Yuste falou en representación da Coordinadora No a la Mina de Uranio de Campocharro (Salamanca). A zona ameazada é de vocación gandeira, dominada polo bosque mediterráneo de aciñeiras, a coñecida como devesa salamantina.

Neste caso, a empresa australiana Berkeley ten un proxecto para explotar as reservas estratéxicas de uranio da zona que, até agora, eran responsabilidade da Empresa Nacional de Uranio SA (Enusa), de titularidade pública. O problema veu cando Enusa lle cedeu os dereitos de explotación das reservas estraté-

xicas de uranio a Berkeley. *"Isto demostra que o beneficio do capital está por riba de valores como o medio ambiente que a UE afirma defender"*.

Polo de agora, esta coordinadora conseguiu paralizar obras de dubidosa legalidade como a construción dunha estrada e dunha balsa.



JESSICA DA CRUZ ▶ Unidos em Defesa de Covas do Barroso

Covas do Barroso é unha freguesía de Boticas, no norte de Portugal. Composta por tres núcleos de poboación: Covas do Barroso, Muro e Romáinho. Trátase dunha zona recoñecida como "patrimonio mundial agrícola" pola FAO. Porén, agora está ame-

azada pola empresa mineira Slipstream Resources, filial da australiana Savannah Resources, que quere explotar os xacementos de litio. *"Será unha explotación a ceo aberto que deixará un cráter de 500 metros de lonxitude e 100 de profundidade. Preocúpá-nos a proximidade coas aldeas e os riscos derivados. A explotación*

de litio é das máis consumidoras de auga. Só para procesar e lavar a rocha precisarán como mínimo 390.000 m³ por ano. Para iso, pretenden desviar o río Covas, pero non é suficiente. Isto entraría en colisión coa agricultura e a súa necesidade de auga. Pode ser un desastre para a biodiversidade e para a poboación de Covas".



MARCOS ALONSO ▶ Plataforma No en mi Tierra (Zamora)

A guerra de No en mi Tierra é contra a explotación dos xacementos de litio que hai en Fermoselle (Zamora). Neste caso, coma noutros, Marcos Alonso denunciou a complicidade dos gobernos municipais coa empresa mineira. *"Soubemos do*

proxecto polo boletín oficial, que o publicou en Semana Santa e sen case prazo para alegar".

Así e todo, presentaron alegacións e ben fundadas, pois a mina preténdese abrir nunha zona moi protexida, como é a dos Arribes del Duero: Rede Natura, Lugar de Interese Comunitaria (LIC) e Zona Especial de Protec-

ción de Aves (ZEPA).

Sorprende que se pretenda explotar unha zona tan protexida, pero Alonso explicou que se trata de especulación: *"Estamos a falar de Grabat SL, unha empresa insolvente, financeira e moralmente. Son conseguidores sen actividade mineira e están enxui-zados por estafa"*.



ISIDORO ALBARREAL ▶ Salvemos Esparteros

Na Serra de Esparteros, xunto a Morón de la Frontera (Sevilla) hai minaría de cal dende hai séculos, pero foi nos últimos anos que a minaría destrutiva comezou a ser unha ameaza. Dos anos 50 aos 70, fixéronse extraccións para construír a pista de ate-

rraxe da base aérea de Morón. Co cambio de século, reanudouse a actividade con varios proxectos extractivos moi agresivos que xa afectan os acuíferos da zona. A pesares de estar prohibidas as actividades extractivas na serra, esta non só se permitiu, senón que mesmo se lle concedeu unha prórroga de 30 anos en 2014.

Salvemos Esparteros naceu en 2002 para enfrontarse a esta depredación. Están agardando sentenza tras denunciar a prórroga de trinta anos e veñen de presentar 4.000 alegacións contra a tentativa de legalizar as actividades mineiras xa existentes no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).



JUAN FRANCISCO ORTUÑO ▶ Afectados polos Metais Pesados

Esta plataforma de Cartaxena (Murcia) naceu para denunciar a desfeita deixada pola actividade mineira de Portman Golf, que se nega a selar as balsas de lodos tóxicos presentando falsos plans de traballo para alegar que a actividade continúa.

Llano del Beal está rodeado por 88 balsas con alta presenza de metais pesados que, pola sequidade do ambiente, espáren os fortes ventos da zona. *"O ar trae metais pesados que respiramos: 150 veces máis do arsénico e do chumbo permitidos pola OMS. Cando chove, fórmanse balsas de augas acedas moi corrosi-*

vas que destrúen o que tocan". Outros datos para tremer: a escola ten un 21'7% do alumnado con necesidades especiais (autismo, etc.) cando no resto de Cartaxena a porcentaxe é do 4%; alto índice de cancro; presenza alta de metais pesados en sangue, ouriños, embigueiras, leite materno, dentes de leite, etc.)

contra a minaría destrutiva

SONIA HURTADO LÉOSTIC ▶

Plataforma Salvemos la Montaña

O proxecto mineiro de Valdeflórez pretende facerse a carón mesmo da cidade de Cáceres. “O epicentro estaría a menos de 1 km do novo hospital, do centro penitenciario ou do campus universitario”, explicounos Sonia. Coma adoita acontecer, souberon do

proxecto cando as máquinas irromperon nas propiedades particulares da Serra da Mosca: nin a empresa Tecnología Extrema del Litio nin as institucións contactaran coas persoas afectadas antes.

Diante disto, a veciñanza organizouse nunha plataforma en xullo de 2017. Aínda que non

chegaron a tempo para alegar contra a zona de extracción, un cráter que ocupa dúas cuadrículas mineiras; si deron presentado 8.000 alegacións ás 45 cuadrículas do resto do proxecto, que se atopa paralizado. Ademais, fixeron unha intensa campaña informativa, con roteiros, asembleas de barrio, etc.



AMPARO JIMÉNEZ ▶ No a la Mina en la Sierra de Yemas

Neste caso, trátase dun proxecto para extraer feldespatos, sílice e arxila na Serra de Yemas (Ávila), a 12 km da capital. En total, 53 cuadrículas mineiras que afectan 5 municipios. Desta vez, a veciñanza afectada foi alertada por outra plataforma da pu-

blicación do proxecto no boletín oficial. Dende aquela, levan dous anos de oposición ao mesmo.

“Preocúpanos o impacto sobre a vida das persoas, sobre o medio ambiente, sobre o noso estilo e forma de vida. Estamos nunha zona agrícola e gandeira e este proxecto rompe con todo o que tentamos erguer durante anos e

afecta o recurso máis importante que temos: a auga, ben escaso e vital. Da nosa serra e das adxacentes (Parameras, La Sorrota e Ávila) fornécese todo o acuífero que forma o val Amblés, que é do que depende o consumo humano, a agricultura e a gandería da zona e mesmo, en épocas de seca, a cidade de Ávila”.



CHARLIE “PATILLAS” ▶

Plataforma Oro No (Asturias)

Charlie lembrou os catorce anos de loita que desenvolveron dende a Plataforma Oro No, contra a explotación do xacemento de Salave, en Tapia de Casariego (Asturias). Neste caso, tamén conseguiron paralizar un proxecto no que, ao igual que na Ga-

liza con Corcoesto, unha empresa canadense, Black Dragon, a través da filial Astur Gold, quería extraer ouro. Charlie destacou a importancia do traballo en equipo, achegando cadaquén o que mellor sabe facer. No caso de Oro No, foi fundamental o apoio dun membro enxeñeiro técnico de minas, que buscou todos os

erros do proxecto para alegar; como tamén o das persoas que se encargaron da comunicación, das relacións coa administración, da organización de eventos, etc. En todo o proceso acabaron gastando 60.000 euros entre xuízos e accións. Chegaron a ter 2.000 socios e socias que pagan unha cota de 10 euros anuais.



JOSÉ ROMARÍS ▶

Vida e Ría

José Romarís, mariscador, compartiu o temor que existe na ría de Muros e Noia de que os vertidos e a balsa de lodos tóxicos da mina de San Finx, en Lousame, poidan causar un desastre medioambiental e destruír o medio de vida de miles de per-

soas que dependen da recolección tradicional de moluscos. En efecto, en San Finx hai dúas balsas construídas en 1928 e 1939 que se atopan en estado ruinoso sen que a Xunta faga nada para solucionalo. Como tampouco fai nada para deter o vertido de 50.000 litros de augas acedas por hora dos regos que pasan

polas instalacións mineiras, con niveis de cadmio, cobre e zinc que superan en 160, 31 e 17 os valores máximos permitidos. José teme que a rotura dunha destas balsas provoque “un desastre de tales proporcións que nos podería deixar 20 anos sen coller un molusco da ría, iso sen contar co impacto na poboación”.



LAURA SERRANOS ▶ No a la Mina en el Valle del Corneja

Esta plataforma naceu en febreiro de 2017, tamén alertada por outros colectivos dos plans mineiros que lles afectaban: case 80 cuadrículas en dous proxectos que abranguen poboacións habitadas como Becedillas, Bonilla, Tórtoles ou Zarpadiel.

Diante disto, recolleron sinaturas, presentaron 4.500 alegacións e lograron paralizar o proxecto até que a administración responda os recursos. “O río Corneja é afluente do Tormes e do Duero. Polo tanto, a contaminación da actividade mineira non se reduciría á nosa zona. A mina agravaría o despoboamento que

padecemos e arruinaría importantes fortalezas, como sermos considerados un paraíso do turismo de altos voos para deportes como parapente ou ala delta. Iso sen contar a importancia do turismo gastronómico e rural, ou a presenza de importantes restos arqueolóxicos. Resulta incomprendible que todo isto perigue”.



Un boom mineiro para fornecer un consumo irracional e depredador

Ademais de coñecer as diversas loitas contra proxectos mineiros que ese están a desenvolver na Península Ibérica, na xornada de portas abertas houbo outras reflexións máis dirixidas a desentrañar as causas do boom mineiro que estamos a vivir.

Así, **Guadalupe Rodríguez**, activista de ContraMINAcción e Yes to Life No to Mining (YLNM), explicou que *“o boom mineiro responde a que, aos usos tradicionais e industriais da minaría, súmanse agora os da transición enerxética e a dixitalización”*.

Diante desta nova demanda crecente de minerais para novos usos, a UE estableceu como obxectivos *“un acceso seguro e sen distorsións a materias primas, impedir os atrancos de calquera tipo ao comercio das mesmas e fomentar a reutilización e reciclaxe”*. Soa ben, pero o concepto da UE de economía circular é *“extraer todo o que se poida e, cando teñamos moita materia prima en circulación, aí é onde imos poder reciclar”*.

Hoxe en día, a UE só extrae no seu territorio o 3% das materias primas que precisa. Por iso, está a fomentar o extractivismo nos estados membros, especialmente das consideradas “materias primas críticas” cuxa lista pasou, de 14 en 2011 a 27 en 2017. A maiores, se está a fomentar a investigación dos xacementos minerais que hai en Europa en colaboración cos servizos xeolóxicos nacionais, e facendo campañas publicitarias para convencer á opinión pública da importancia e bondades da minaría, para tentar acadar a “licenza social” dunha actividade económica tan agresiva e destrutiva.

Xoán Doldán, profesor de Economía Aplicada na USC, ademais de membro de ContraMINAcción e Véspera de Nada, explicou o *“capitalismo lineal”* que impera hoxe. Un sistema económico no que as materias primas extraírense, transfórmanse, úsanse e desbótanse en forma de refugallos. A sostiabilidade do capitalismo lineal depende da capacidade que os ecosistemas teñan para acoller todos estes refugallos.

Ademais, este sistema baséase tamén en que o valor das materias primas non depende da súa escaseza ou dificultade de extracción. Os recursos son limitados, cada vez máis escasos, pero o seu valor de mercado non sobe en consecuencia. Ademais, o prezo das materias primas e da súa explotación non recolle os custes sociais e medioambientais da extracción, nin o custe de restaurar os danos causados, nin de xestionar os refugallos creados.

Como alternativa, Doldán apostou por organizar a economía de maneira que se recuperen os materiais utilizados. Unha economía circular na que tería grande importancia unha *“minaría urbana”* que recicle os refugallos xerados polas grandes urbes para reutilizar.

Porén, a dirección do actual sistema segue a ser lineal, cun medre exponencial do consumo de materias primas. O uso de metais como o aluminio ou o cobre está a medrar cun 3% anual, *“o que significa que en 24 anos duplicaremos o consumo mundial destes metais”*. Tamén alertou Doldán dunha obsolescencia máis perigosa que a programada para que os produtos duren menos: a obsolescencia percibida, é dicir, as modas, que fai que se desboten bens en perfecto estado de uso. Para Doldán, *“debemos volver a mirada cara ao rural. E isto significa recuperar a nosa soberanía alimentaria”*.

Pola súa banda, **Isabel Vilalba Seivane**, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, relacionou o boom global do acaparamento de recursos e de terras co consumismo descontrolado: agárdase que en 2050 o incremento do consumo de materias primas sexa do 40%, ou mesmo do 300%, segundo a fonte consultada. *“É demencial”*, lamentouse Vilalba. *“Se a humanidade consumise segundo a media dun país como Francia, precisaríamos tres planetas Terra para facelo posible”*. Este nivel de consumo só é posible *“desposuíndo a millóns de persoas do máis básico ou acaparando terras cun impacto tremendo para as poboacións locais”*.

Poñendo o foco na Galiza, a secretaria xeral do SLG lembrou o lema da Xunta de que *“Galiza é unha mina”*, e denunciou a lexislación á carta que o Goberno do PP fixo para satisfacer as demandas da patronal mineira, dando prioridade á súa actividade sobre outras.

A única alternativa, para Isabel Vilalba, consiste en mudar radicalmente de modelo económico cara a un *“feito á medida e polos intereses das persoas, que respecte os límites biofísicos do planeta e que dea prioridade ás necesidades da poboación”*.

Como modelo de resistencia ao actual sistema económico depredador que se vale da minaría destrutiva para seguir extraendo materias primas a calquera prezo, na Galiza temos a plataforma ContraMINAcción, da que falou **Isabel García Vila**, que ademais forma parte de Mina Touro O Pino NON. *“Somos unha rede a nivel galego que pretende unir forzas, asesorar, axudar, colaborar e alertar sobre estes proxectos invasores que veñen desfacer a nosa terra e os nosos medios de vida”*, explicou.

Para Isabel, o inimigo contra o que loitamos é moi poderoso, *“grandes multinacionais que se coñecen entre si, con moitos tentáculos”* e, fronte a esa forza, cómpre a unión sen fendas, como a que se tenta ter con moito traballo en ContraMINAcción, onde 24 colectivos e organizacións conflúen no interese común de *“defender a terra, a auga e o aire; defender os nosos medios de vida”*. Porque *“a minaría desfai, pero non fai. A minaría destrúe, non é sustentable”*.



DEREITOS DA INFANCIA ▶ A responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, representou o Sindicato Labrego Galego nesta iniciativa que incluiu unha rolda de prensa

Oito colectivos paramos o debate sobre coordinación parental no Parlamento

O PSOE retirou a súa proposta de debate parlamentario tras rexistrarmos o escrito de rexeitamento

As entidades Adavas Baixo Miño, A. C. Fuco Buxán, Asociación Galega contra o Maltrato a Menores, Asociación de Profesionais dos CIM, Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, Marcha Mundial das Mulleres, Observatorio das Mariñas pola Igualdade e Sindicato Labrego Galego presentamos un escrito dirixido ao presidente do Parlamento de Galiza no que rexeitamos a implantación da figura do coordinador parental na Galiza.

No rexistro do escrito participou a responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, tras unha rolda de prensa conxunta na que se advertiu que estaba previsto, o 23 de xaneiro no Parlamento de Galicia, o debate da figura do coordinador ou coordinadora parental a petición do PSOE.

Porén, e grazas á nosa iniciativa, o PSOE decidiu retirar esta proposta, polo que o debate non chegou a realizarse.

Resumindo moito, un coordinador ou coordinadora parental media en separacións conflituivas na que hai fillos ou fillas por medio. Sería un simple vixilante do cumprimento de sentenzas relativas aos réximes de visitas e custodia con potestade para axilizar trámites e propoñer medidas.

Para poder ser coordinador ou coordinadora parental é obrigatorio ter unha titulación que só se imparte a través da Fundación Filia, de ideoloxía ultraconservadora próxima a Vox e que defende a existencia dunha enfermidade infantil imaxinaria que padecerían os nenos e nenas afectados por estes procesos de separación: a síndrome de alienación parental (SSAP), rexeitada polo Consello Xeral do Poder Xudicial e sen credibilidade no ámbito científico. Coa escusa da SSAP, négaselles aos nenos e nenas toda credibilidade á hora de es-



A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro (á esquerda) tamén acudiu ao Parlamento de Galicia para rexistrar o escrito de denuncia

coitar denuncias de abusos ou de violencia por presupor que sofren manipulación e, polo tanto, négaselles o dereito a rexeitar o contacto co seu proxenitor, mesmo en casos de abusos ou violencia.

No escrito rexistrado, explícase que “o coordinador parental aséntase nunha ideoloxía misóxina que nega a realidade

da violencia de xénero, o maltrato infantil e a violencia sexual. No seu lugar, os seus defensores promoven a idea da denuncia falsa como gran problema do que denominan divorcios conflituivos. É, polo tanto, unha figura que vai danar profundamente ás vítimas que se atopan en procedementos civís sobre réxime de visitas ou custodia”.

ECOLOXÍA ▶ As granxas de porcino e aves no punto de mira Xorde “Auga limpa xa” contra a contaminación da gandería intensiva ourensá

Veciños e veciñas das comarcas ourensás da Limia, Baixa Limia, Celanova e Monterrei constituíron a plataforma “Auga limpa xa”, coa que pretende denunciar a gravísima contaminación que padece esta zona de Galiza a causa dos vertidos de granxas intensivas de aves e porcino, maioritariamente vinculadas ao Grupo Coren.

Dende Auga limpa xa denuncian que a contaminación en só tres anos aumentou un 39% pola concentración de nitratos nas masas de auga subterráneas da Limia. Mesmo está a haber consumo humano de auga contaminada dos pozos, con máis de 50 mg/litro de nitratos, máximo permitido pola Unión Europea.



Acto de presentación de “Auga limpa xa” con presenza de persoas afiliadas ao SLG

Neste senso, cómpre lembrar que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil chegou a rexis-

trar niveis inasumíbeis de até 174 mg/litro preto da canle da Lagoa da Antela.

ENERXÍA ▶ Participan no proxecto a Universidade de Vigo e as fundacións Juana de Vega e Isla Couto

Nace o Observatorio Eólico para defender os intereses das comunidades rurais

Prestarán asesoramento gratuito e información aos axentes locais afectados por proxectos de enerxía eólica no seu territorio

O pasado 10 de xaneiro, asíñábase un acordo entre a Universidade de Vigo e as fundacións Juana de Vega e Isla Couto para crear o Observatorio Eólico de Galicia. A función desta nova institución será estudar a actividade do sector da enerxía eólica na Galiza e asesorar axentes rurais implicados ou afectados como comunidades de montes, pequenas empresas, concellos ou particulares. A intención é fortalecer a posición e defender os intereses destes últimos fronte aos das empresas enerxéticas.

Entre outras funcións, o observatorio realizará investigacións sobre o sector eólico na Galiza coa intención de compartir eses coñecementos cos axentes participantes. Tamén traballará para favorecer a transparencia nos procesos de expropiación e ocupación de terreos por parte das empresas enerxéticas.

Desta maneira, o Observatorio Eólico de Galicia tentará achegar equilibrio a un sector no que, até agora, predomina unha relación totalmente asimétrica na que as industrias son as que teñen o control total e as que están a acaparar a maior parte do beneficio xerado polo vento, e na que as comunidades locais afectadas só apañan os impactos negativos da actividade.

O certo é que a enerxía eólica podería ser unha importante ferramenta de desenvolvemento rural promovendo a posta en marcha de proxectos

enerxéticos por comunidades rurais e de montes, por pequenas cooperativas ou institucións locais, tal e como acontece noutros países de Europa. Porén, na Galiza, apostouse por ceder a práctica totalidade da potencia eólica instalada a grandes compañías enerxéticas.

Neste contexto, dende o Observatorio Eólico de Galicia, a través do asesoramento gratuito, vaise traballar a partir de agora para que os axentes rurais dispoñan de información como mecanismo de presión e para fortalecer a súa posición negociadora de cara a incrementar as rendas derivadas pola actividade eólica nos espazos rurais.

Nun contexto de escaseza de petróleo, a enerxía eólica é un sector que cada vez terá máis demanda e futuro, polo que, ben utilizada e xestionada, pode ser un revulsivo para o desenvolvemento rural. Hai que ter en conta que, hoxe en día, na Galiza hai uns 120 parques eólicos con 3.400 Megavatios instalados, e hai outros 7.000 MW en tramitación administrativa.



SANIDADE ▶ Contra as políticas de recortes do PP que están a desmantelar o sistema sanitario galego

Protestas de SOS Sanidade Pública en defensa da Atención Primaria

O Sindicato Labrego Galego apoiu unha multitudinaria manifestación que se celebrou o 10 de febreiro en Santiago de Compostela

O Sindicato Labrego Galego apoiou a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o 10 de febreiro, en defensa do sistema sanitario público galego e dunha atención primaria digna.

Dende que comezaron os recortes no noso sistema sanitario, este non fixo máis que degradarse, ano tras ano: precariedade laboral, problemas de accesibilidade a probas diagnósticas, sobrecarga crónica, perda da dirección autónoma de atención primaria, perda de financiamento, falta de tempo para atender os e as pacientes, supresión das áreas sanitarias e de servizos nos hospitais comarcais, etc. Todos estes problemas, agudízanse nos puntos de atención continuada das zonas rurais, que acusan aínda máis a falla de recursos materiais e humanos, o que se tra-

duce nun deterioro dos servizos sanitarios e da saúde de usuarios e usuarias máis que preocupante en amplas zonas da Galiza rural.

Todo isto está a provocar a resposta contundente do persoal sanitario: folga nos PACs, folga nos servizos de urxencia do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, dimisións nas xefaturas de atención primaria, paros semanais en centros de saúde, folga de ambulancias, etc.

Dende o Sindicato Labrego Galego expresamos o noso total apoio ás demandas de SOS Sanidade Pública como: rematar cos recortes de persoal sanitario, camas e orzamentos; pór fin á marxinación da atención primaria e ás estruturas de xestión integrada que reducen as áreas sanitarias galegas en detrimento das comarcas rurais e, como alternativa, recuperar esas áreas e os hospitais comarcais; fornecer suficientemente os PACs e os servizos de urxencias hospitalarias; ou rematar coa precariedade laboral e recuperar todos os servizos.

COMERCIO ▶ Alertouse sobre os tratados de libre comercio

Manifestación na fronteira entre Bélxica e Alemaña para rexeitar o CETA

O pasado 25 de xaneiro, centos de labregos e labregas concentrábanse en Lichtenbusch, na fronteira xermano-belga, para expresar o seu rexeitamento a tratados de libre comercio coma o CETA, entre a Unión Europea e Canadá.

A manifestación foi convocada por AbL (Comunidade de Traballo da Agricultura Rural de Alemaña) e Fugea (Federa-

ción Unida de Agrupacións de Gandeiras e Agricultoras), ambas pertencentes a La Vía Campesina, e apoiadas por representantes de 17 organizacións agrarias de toda Europa.

Durante os actos de protesta, os e as representantes de labregos e labregas asinaron unha declaración para esixir das autoridades comunitarias unha política comercial da Unión Eu-



ropea xusta, que garanta prezos xustos ás granxas, condicións de traballo dignas, protección am-

biental e benestar animal, alimentos de calidade e soberanía alimentaria.



DEREITOS HUMANOS ▶ Houbo 22 persoas feridas

Colonos xudeus asasinan un labrego palestino ao disparar contra unha manifestación

Outro labrego palestino foi asasinado por colonos xudeus fortemente armados en al-Mughayyir, ao norte de Ramala. Foi o 26 de xaneiro, durante unha manifestación de protesta contra os abusos israelís que, no caso da agricultura palestina, adopta formas como agresións, arrinque de árbores das que depende parte da súa economía ou confiscación de leiras.


O labrego asasinado chamábase Hamdi al-Naasan, tiña 38 anos, e era pai de dous nenos e dúas nenas. Ademais, outros 22 compañeiros seus que se manifestaban canda el foron feridos, dez por arma de fogo. A agresión dos colonos foi condenada pola Unión de Comités de Traballadoras e Traballadores Agrícolas (UAWC), organización pertencente á Vía Campesina.

RELEVO ▶ O 91% d@s beneficiari@s supera os 40 anos

As axudas da PAC consolidan a desigualdade e o envellecemento do agro

Os datos publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria (Fega) sobre o reparto das axudas da Política Agraria Común (PAC) no Estado Español é desolador: o 91% das persoas beneficiarias supera os 40 anos de idade (o 38,14 % ten 65 anos ou máis). Polo outro extremo, só o 0'62% das persoas que percibe estas subvencións son menores de 25 anos.

Outra das realidades que se poden tirar do informe "*Axudas directas e desenvolvemento rural*" é que a maior parte de quen percibe estes cartos son homes (o 62'85%). Se falamos das axudas ao desenvolvemento rural do Feader, a masculinización intensifícase: o 67,18 % dos beneficiarios son homes. Neste caso, só o 1'47% tería unha idade inferior aos 25 anos.



A portada do informe do Fega sobre o reparto de axudas europeas non reflicte a realidade de que o perfil de perceptor corresponde a un varón maior de 40 anos

INCORPORACIÓNS ▶ Dende a nosa organización agraria demandamos a exención de tributar para calquera axuda que apoie os inicios da mocidade na profesión agraria

A Xustiza dá a razón ao SLG na denuncia dos impostos abusivos nos plans de incorporación

Sentenza do Tribunal Económico Administrativo a favor dunha afiliada que alegou que as axudas eran investimento de capital

O Sindicato Labrego Galego deu unha rolda de prensa o 18 de febreiro para denunciar a tributación abusiva que Facenda está a impor ás axudas dos Plans de Incorporación de xente nova á actividade agraria. Na comparecencia ante os medios de comunicación, que se celebrou en Compostela, participaron a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane; Conchi Docampo, labrega afectada á que lle vén de dar a razón a xustiza; e Sonia Vidal Lamas, gandeira que tamén sufriu esta fiscalidade excesiva e que é unha das coordinadoras da Mocidade Labrega do SLG.

Isabel Vilalba introduciu a problemática, denunciando que



De esquerda a dereita: Isabel Vilalba, Conchi Docampo e Sonia Vidal no transcurso da rolda de prensa de denuncia

“pagar en impostos máis do 30% do importe dunha axuda para iniciarse na profesión agraria parécenos totalmente abusivo e levamos varios anos denunciándoo.

De feito, chegamos ao esperpento de persoas que tiveron que pagar os impostos antes mesmo de cobrar a axuda, só por ter notificada a súa aprobación. Estamos

falando de mozos e mozas que, moitas veces, aínda non teñen ingresos por estar comezando, que se tiveron que enfrontar a pagos de até 9.000 euros”.



“A sentenza permítenos ratear a axuda durante os cinco anos de compromiso”

Unha desas mozas afectadas foi **Conchi Docampo**, labrega de Vedra que puxo en marcha unha explotación de horta ecolóxica en 2014. “Queríamos vivir e traballar no rural e comezamos dende cero. No ano 2014, aprobáronnos a axuda e fixemos os investimentos. Ese mesmo ano, Facenda notificounos que debíamos declarar a axuda, e xa nese momento tivemos que xustificar que o importe non fora ingresado. En 2015 xa a declarei, pero decidín facer unha declaración rateada, e aí viñeron os problemas, xa que consideraban que debía tributar a subvención non como un investimento de capital, senón como gasto corrente, e pagar todo nun só ingreso. Facenda interpreta que a Xunta che dá a subvención para que teñas unha renda mínima, pero iso non é así, xa que as axudas son para investir e non

che garanten ningún tipo de ingreso: tes que gastalo todo. A maiores, debes facer fronte a todo tipo de gastos: Seguridade Social, custes de produción, amortización de créditos, etc. En agricultura, tes que botar un período de tempo traballando antes de ter os primeiros ingresos. Pero Facenda non entendeu isto, senón que o interpretou como un gasto corrente para garantir a renda da persoa beneficiaria.

Alegamos, e non aceptaron as nosas alegacións, polo que levamos a denuncia diante do Tribunal Económico Administrativo de Galicia. O tribunal contestounos en xaneiro e deunos a razón: a subvención é para un investimento de capital e non para gasto corrente. Isto, agora, permítenos ratear a axuda a cinco anos, que son os que corresponden ao compromiso de manter a actividade agraria”.

Devolución inmediata dos ingresos indebidos, exención fiscal e plan de apoio á mocidade

Diante desta tributación inxusta e desproporcionada, Sonia Vidal explicou as demandas do Sindicato Labrego Galego para solucionar o agravio causado a mozos e mozas e tentar que este tipo de subvencións sirvan, realmente, para que a xente nova aposte pola agricultura e polo rural:

✓ **A devolución inmediata dos cobros indebidos** de Facenda a través dun trámite áxil e simplificado. “Do mesmo xeito que se fixo coas axudas de maternidade cando se recoñeceu que tributaban de maneira excesiva, queremos pedirlle ao Ministerio de Facenda un procedemento administrativo áxil e simplificado para devolverlles os cartos aos centos de labregos e labregas afectadas que lles

foron cobrados indebidamente das axudas de incorporación”.

✓ **Programa integral de apoio aos mozos e ás mozas que se incorporan á agricultura** que contemple aspectos como servizos básicos, infraestruturas, garantía dunha renda mínima, mobilidade de terras para facelas máis accesibles á xente nova, etc.

✓ **Exención fiscal:** As axudas de incorporación, por ser de interese xeral, deberían estar exentas de tributar. Como mínimo, mentres non se aprobe esa exención, si debería permitirse o pago fraccionado durante o período de actividade ao que che compromete a recepción da axuda, que normalmente é de cinco anos, aínda que pode ser superior.

As cifras da vergonza: 22.000 € de axuda e 7.000 € de impostos

Sonia Vidal Lamas, gandeira de Xunqueira de Ambía, tamén padeceu esta fiscalidade abusiva, aínda que non levou aínda o seu caso aos tribunais. Tras dous anos de trámites burocráticos e papelame, a Sonia concedéronlle unha axuda de 25.000 € para construír unha granxa avícola. A resposta de Facenda foi cobrarlle 7.000 € de impostos en canto ingresou o importe da subvención. Sonia Vidal lembrou que o labor dos labregos e das labregas vai máis alá de desempeñar unha profesión para gañar a vida. “Faremos algo máis que producir alimentos. Temos unha función social indispensable á hora de manter un rural vivo e coidado”.

Porén, a situación do noso campo é insotible. “Temos aldeas enteiras nas que só quedan persoas maiores”, denunciou **Isabel Vilalba**. “Temos unha mocidade rural que se ve na obriga de emigrar para buscar un medio de vida e resulta que a xente nova

que quere instalarse no rural e vivir da agricultura, vive unha auténtica odisea para poder facelo”.

“Cómpre un plan integral de apoio á mocidade que queira instalarse e darse de alta na actividade agraria”, proseguíu a secretaria xeral do SLG. Mais, lonxe deste apoio institucional, hoxe en día “a xente nova que se quere incorporar é a grande damnificada das axudas da Política Agraria Común (PAC), non hai programas de acceso á vivenda no rural, dificultade para conseguir terras, etc... Moitas veces, os mozos e mozas que inician este proceso rematan en fracaso por todos estes atrancos”.

Para Conchi Docampo, “non ten sentido este tipo de obstáculos á incorporación da xente moza cando só o 5% da poboación activa agraria ten menos de 40 anos de idade. Se non facemos nada por impedilo, nos vindeiros anos o abandono do rural e da agricultura vaise tornar dramático”.



Merecida vitoria tras anos de loita

O SLG leva varios anos denunciando esta situación. De seguido, resumimos algunhas das accións que levamos a cabo nos últimos tempos para denunciar esta inxustiza:

2016

- ✓ Xuntanza de María Ferreiro coa delegada territorial da Axencia Tributaria na Galiza, Imelda Capote.
- ✓ Xuntanza coa directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén Docampo.
- ✓ Denuncia feita por Xosé Ramón Cendán diante do Comité de Seguimento do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) na Galiza, celebrada o 16 de xuño.

2017

- ✓ 26 de outubro: Xuntanza de María Ferreiro e Xosé Ramón Cendán co director da Área de Agricultura da Delegación do Goberno, José Álvarez Robledo.
- ✓ 11 de novembro: Concentración de protesta diante da Consellería de Medio Rural.

2018

- ✓ 11 de xaneiro: Xuntanza coa directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén Docampo.

8M ▶ O Sindicato Labrego Galego desenvolveu unha ampla campaña en dez concellos do rural galego baixo o lema “Revolta Feminista en todas as aldeas”

As labregas volveron ser protagonistas na Folga de Mulleres do 8 de marzo

A nosa organización foi un dos catro sindicatos que rexistraron o preaviso para convocar o paro xunto coa CUT, o SF-I e a CIG

Do mesmo xeito que o ano pasado, o Sindicato Labrego Galego foi unha das organizacións sindicais convocadoras da Folga de Mulleres en Galiza, ao rexistrar o preaviso na Xunta, xunto á Central Unitaria de Traballadores e Traballadoras (CUT), o Sindicato Ferroviario-Intersindical e a CIG.

A Secretaría das Mulleres do SLG desenvolveu unha intensa campaña de difusión do 8 de marzo, celebrando encontros con labregas na Fonsagrada (18 de febreiro), Becerreá e Teixeira (19 de febreiro), Lugo (21 de febreiro), Friol (22 de febreiro), Arzúa (25 de febreiro), Vilalba (26 de febreiro), Ordes e A Estrada (28 de febreiro) e Chantada (1 de marzo).

Unha vez realizada esta campaña, a responsábel da Secretaría das Mulleres ofreceu unha rolda de prensa para explicar os motivos do SLG para convocar e participar activamente na Folga de Mulleres. Para Ferreiro, está plenamente xustificada a participación das labregas galegas, tanto no eido laboral, como no dos coidados ou no do consumo:

✓ **Folga laboral:** No eido laboral, explicou Ferreiro, “hai moitas mulleres labregas que non están cotizando a Seguridade Social e que, nun plano laboral están a ser totalmente invisibilizadas, consideradas polo sistema como simple axuda familiar. Nesta problemática segue candente a cuestión da titularidade compartida nas explotacións: na Galiza, estímase que hai unhas 30.000 labregas non son titu-



Este 8M volveu haber manifestacións multitudinarias, como a do 8 de marzo en Vilalba (arriba) ou a do día 3 na cidade de Lugo (abaixo)

lares da explotación familiar na que traballan a diario. A pesar de que existe unha lei que permite a cotitularidade nas granxas dende 2011, para propiciar a igualdade de dereitos laborais na profesión agraria, na Galiza só se deron de alta como cotitulares 18 mulleres dende aquela”. No conxunto do Estado, a proporción é de 350.000 labregas non titulares e 522 altas na cotitularidade (datos actualizados a 1 de marzo de 2019).

✓ **Folga de coidados:** “No rural existe unha forte división sexual do traballo”, proseguíu a responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, “e a parte dos coidados está asumida maioritariamente polas mulleres. Ademais, no rural dáse a circunstancia de que os



servizos e recursos para conciliar a vida familiar e laboral -residencias, garderías, centros de día, etc.- son practicamente inexistentes”.

✓ **Folga de consumo:** “Como organización agraria e como mulleres labregas levamos moito tempo cuestionando o consumismo irracional no que se basea o noso sistema económico e alimentario. Somos produtoras de alimentos, pero percibimos uns prezos irriso-

rios por eles en comparación co que pagan polo produto final os consumidores e as consumidoras, con marxes comerciais que decotío superan o 1.000%. Por iso, apoiamos a folga de consumo tamén, porque é necesario repensar que consumimos e de que maneira o facemos, pensar nas condicións laborais e na remuneración do traballo agrario que se agachan detrás de cada alimento que mercamos”.

Do 3 de marzo en Lugo ao 8M en toda Galiza: Centos de miles de persoas esixen igualdade

O primeiro acto importante en relación coa Folga de Mulleres do 8 de marzo foi unha grande manifestación nacional en Lugo convocada por Galegas 8M para o domingo día 3. A marcha, na que se estima que participaron máis de 10.000 persoas, saíu da Porta Falsa e percorreu o centro da cidade baixo o lema “*Por todas as mulleres, por todos os dereitos, revolta feminista*”.

As mulleres do SLG, tanto traballadores como afiliadas, sumáronse á folga, participando nalgún dos actos que se fixeron en máis de cincuenta concellos galegos. A nivel organizativo, e do mesmo xeito có ano pasado, a Secretaría das Mulleres do SLG tivo unha participación especial na xornada do 8 de marzo en Vilalba e nas diversas actividades, como as manifestacións, o xantar de sororidade, as proxeccións de documentais e o teatro.

✓ 8M Vilalba: solidariedade con Pilar Fernández

Pero se houbo unha acción que singularizou a axenda de actos do 8M en Vilalba foi o apoio solidario que fixo público a Asemblea de Galegas 8M da Terra Chá a Pilar Fernández, unha muller con problemas de mobilidade que está a sufrir o maltrato do Concello de Abadín en forma de barreiras arquitectónicas que lle impiden entrar e saír da súa casa por si mesma.

No 8M de Vilalba, ao manifesto seguiu unha carta de Pilar que, por motivos de saúde, non puido acudir en persoa, encargándose da lectura Marisol Bravos, que forma parte do colectivo Foro de Vida Independente.

No escrito, explicouse que o goberno de Abadín ordenou botar novas capas de asfalto na estrada que pasa xusto por diante da casa de Pilar, creando unha barreira arquitectónica que lle impide entrar e saír por si mesma do seu domicilio coa cadeira de rodas que precisa para



As actividades da Secretaría das Mulleres do SLG neste 8M foron do máis variado, dende o apoio explícito a Pilar Fernández en Vilalba (arriba á esquerda), até o XIV Encontro de Labregas en Nigrán os días 9 e 10 (abaixo) que se anunciou uns días antes en rolda de prensa (arriba á dereita) por Ana Eiras e María Ferreiro

moverse. Iso aconteceu antes de 2013, ano no que Pilar comezou a denunciar. Dende aquela, tras interpoñer todo tipo de recursos e queixas, mesmo diante da Valedora do Pobo, só obtivo o silencio e a indiferenza culpable do concello e, nomeadamente, do seu alcalde, José María López Rancaño. Neste manifesto, lonxe de renderse, Pilar reafirmouse en “*seguir loitando contra todo tipo de violencia e inxustiza, veña de onde veña. Porque isto que me fan a min é un maltrato institucional contra o que seguirei loitando*”. Ao remate, ademais de agradecer o apoio a todas as persoas que a están a axudar, quixo ter unhas palabras para “*todas as mulleres con discapacidade ou sen ela: Loitaremos xuntas para que se acaben as desigualdades*”.

XIV Encontro da Secretaría das Mulleres: Corpo e Territorio

Sen saírmos aínda da vaga da Folga Feminista do 8 de marzo, a Secretaría das Mulleres do SLG organizou o seu XIV Encontro os días 9 e 10, desta vez na vila pontevedresa de Nigrán. O título escollido para esta ocasión foi o de “*Corpo e Territorio*”. A xuntanza anual das labregas do SLG comezou o primeiro día coas intervencións da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, que falou da mercantilización do territorio; e da activista feminista, Nanina Santos, para facer outro tanto sobre a mercantilización dos corpos. Tamén na primeira xornada as asistentes viron o documental “*Benvidas ao club*”, sobre o tráfico de mulleres e a explotación sexual ligadas ao Caso Carioca. Neste caso, puideron dialogar sobre o filme coa súa propia directora, Carmen PG Granxeiro.

Outra das actividades da primeira xornada foi a realización dun obradoiro vivencial por parte das asistentes, coordinado pola facilitadora de biodanza, Mari Fidalgo, co título “*Corpo, sentido, territorio recuperado*”. Xa ao día seguinte, Silvia Villar presentou o proxecto da Casa Colorida de Nigrán, un espazo autoxestionado, aberto e horizontal que está a desenvolver un interesantísimo traballo en eidos como a cultura ou a agroecoloxía urbana.

AVISO IMPORTANTE: O 31 DE MARZO REMATA O PRAZO PARA ELIXIR MUTUA

Tal e como xa informamos no Fouce 323, o Goberno publicou un decretazo o 29 de decembro no que obriga, a partir do 1 de xuño de 2019, que todas as persoas que cotizan como traballadoras autónomas e teñan as coberturas de incapacidade temporal e accidente de traballo co Instituto Nacional da Seguridade Social escollan obrigatoriamente unha mutua.

Lembramos que O PRAZO PARA FACER ESTE CAMBIO REMATA O 31 DE MARZO. Dende o SLG pedimos á Tesourería Xeral da Seguridade Social que se envíe carta informativa a todas as persoas que se atopan nesta situación. Se tes dúbidas, consúltao na túa oficina do Sindicato Labrego Galego.

Axudas sociais para evitar cortes no subministro eléctrico

Axudas dirixidas a persoas residentes na Galiza que teñan a consideración de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social. As

axudas consisten no pagamento da factura eléctrica. O prazo para solicitar estas axudas remata o **30 de novembro**

Axudas complementarias por sacrificio obrigatorio de gando

Axudas de compensacións complementarias por lucro cesante nos casos de inactividade nas explotacións de gando bovino e de gando ovino e cabrún rexistradas en Galicia, con motivo da vixilancia, loita, control

ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais.

O prazo de solicitudes para estas axudas remata o **29 de novembro**.

Axudas a préstamos para rehabilitar vivendas

Axudas dirixidas a persoas físicas que promovan as actuacións de rehabilitación, xa sexan propietarias xa teñan calquera outro título que acredite a posesión do inmovible.

As axudas poderán ser **a)** Préstamos cualificados para a rehabilitación

de edificios e vivendas concedidos polas entidades de crédito, no ámbito dos convenios co Instituto Galego da Vivenda e Solo e **b)** Axudas económicas directas, consistentes na subsidación dos xuros do préstamo.

Prazo: **15 de outubro**

Prórroga da prohibición de plantar pataca pola couza

O 6 de marzo, publicábase no Diario Oficial de Galicia a prórroga das medidas para controlar e erradicar a couza guatemalteca. Nomeadamente, manter todas as medidas fitosanitarias establecidas, e a prohibición expresa do cultivo da pataca

“nas zonas infestadas la prohibición expresa do cultivo de pataca nas zonas infestadas pola existencia da praga denominada Tecia solanivora Povolny, couza guatemalteca da pataca” (ver mapa da prohibición na páxina 9 deste Fouce).

HAI QUE RECLAMAR MAIOR INFORMACIÓN NOS RECIBOS DA SEGURIDADE SOCIAL

Desde xuño de 2018, os recibos da Seguridade Social non detallan nin a base de cotización, nin os conceptos polos que se está cotizando. Dende o SLG, animámosvos a achegarvos á oficina da Seguridade Social mais cercana para preguntar por esta falta de información. Se o facemos todas as persoas, podemos conseguir que os recibos volvan a vir detallados. O feito de non dispoñer desa información crea unha situación de indefensión que non debemos permitir.

Consolidar emprego autónomo e facer contratos indefinidos

Poderán ser beneficiarias:

1. Persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.

2. Persoas traballadoras autónomas pola primeira contratación que realicen con carácter indefinido durante o seu primeiro ano de actividade e pola segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

O prazo de solicitude desta axuda remata o **30 de setembro**

Axudas para rehabilitar e amañar vivendas

Axudas a persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en que se realizaron actuacións para a súa incorporación ao Programa de vivendas baleiras, no ámbito do Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.

Serán subvencionables obras de conservación e mantemento, de rehabilitación, axustes na distribución interior da vivenda, reparación de fachadas, carpintería exterior ou cuberta das edificacións.

O prazo para solicitar estas axudas remata o **29 de novembro**

Axudas a fill@s e mulleres vítimas de violencia machista

Axudas a fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como aquelas mulleres que resultasen gravemente feridas, con lesións que requiran hos-

pitalización como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, que no momento dos feitos residan na Galiza.

Prazo: **30 de novembro**

Axudas á enerxía solar e outras enerxías renovabeis

Axudas dirixidas a particulares para instalar proxectos de enerxía fotovoltaica, xeotérmica, aerotérmica, solar térmica e a partir de biomasa. A

subvención hai que solicitala a través dunha empresa autorizada que será a que faga a instalación.

Prazo: **do 8 de abril a o 1 de xullo**

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Desensiladora de poldro, seminova, prezo a convir. Na zona de Meira.
☎982 330 623 (Manuel)

Véndese

-Tractor John Deere 6330, seminovo.
-Autocargador Pottinger BOSS 1 (20-22 metros).
-Rotativa Krone 280 R pendular, seminova.
-Angazo estendedor Pottinger 520.
-Circuíto de muxido Gascoigne de 5 puntos.
-Tanque de leite de 650 litros, monofásico para 2 muxidos.
-Calleiros mod. carrete.
-Elevador vacún.
-Estendedor de silo.
En Guntín (Lugo). Por cese de actividade. Preguntar por Xosé.
☎982 320 206 / 686 811 992

Véndese

-Autocargador rotativo marca Bonino 40.
-Autocargador Magal de 7 coitelas.
En Monfero.
☎626 194 490 (Paco)

Véndese

-Vacas do país. Na zona de Melide.
☎604 004 841

Véndese

-Autocargador con rotativa Morra.
-Rotovator de 1,50 m.
-Apañadora de patacas.
-Silo de herba.
☎981 446 501 (Rosa María)

Véndese

-Material de cunicultura: xaulas, cunas, 2 silos de 10.000 kg, 1 silo de 5.000 kg.
☎629 313 278

Véndese

-Herba seca (50 rolos).
En Santa Cristina, Cospeito.
☎982 505 755

Véndese

-Autocargador Campeva 22 m3. Apertura manual, rodas novas. Moi bo estado.
-Rotativa 1,85 m. Impecable.
-Enrencadeiro 3 m. de traballo.
-Estendedeiro, tamén enrenca. 2.40 m. de traballo.
-25 rolos de herba seca.
-Cisterna de 3.000 litros.
-Batedor de xurros.
Todo en moi bo estado. Véndese por xubilación. Chamar ao mediodía ou pola noite.
☎618 153 981 (Luís)

Véndese

-Tractor de dobre tracción, 85 cv, con 6.200 horas de traballo.
-Rotativa de 1.85m. 1.000 €
-Segadora BCS, con documentación. 800 €
-Furgoneta Citroën Jumpy, ano 2008. 3.000 €
☎667 469 962

Véndese

-Arado de dous regos en bo estado.
-Sementadora de millo.
Na zona de Boqueixón.
☎636 154 316 (Manuel)

Véndese

-Tractor marca Pasquali e apeiros: fresa, grada, 2 arados e remolque.
-Apañadora de patacas de 1 rego.
-Desbrozadora de cadeas.
En Lugo.
☎690 774 565

Véndese

-Todo Terreo Pick-Up NP-300 Nissan, en perfecto estado. Con ITV e seguro até marzo. Con tódolos extras e mantementos ao día. Color verde. Prezo 9.390 €
☎634 690 429 (Fran).

Véndese

-2 becerros macho de raza Limousin, para reprodutores. Fillos de vacas importadas de Francia con carta e de Dixeder.
☎606 739 438

Véndese

-Rolos de herba seca grandes n'O Corgo (Lugo).
☎659 341 116 (Luis)

Véndese

-Autocargador con pico hidráulico e documentación (en bo estado).
-Xerador de tractor monofásico e trifásico.
-Rotativa de 2,10 de corte en bo estado.
Por peche de granxa.
☎982 310 270 / 680 483 987

Véndese

-Tractor Ebro 8135, dobre tracción, 131 CV, con anclaxe de pa. ITV ao día
-Autocargador Compar con documentación, picú e freo hidráulicos.
☎686 596 260 (Ovidio)

Véndese

-Poldro das vacas, seminovo, manual. Prezo a negociar. na zona de Meira.
☎982 330 623

Véndese

-Citröen Xsara do ano 2005, con 170.000 Km. Con distribución cambiada.
☎659 993 345 (Xoán)

Véndese

-Picador Pottinger 40 m³. Con estenderos. Moi bo estado.
-Arado de 3 regos marca Ovion. Automático.
-Aboadora 500 kg, con accesorio para sementeira de herba.
-Sala de muxido con 8 puntos marca Fullwod. Moi económica.
Por peche de explotación. Zona de Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Carro mesturador Cereijo 9 m
-Silo de penso de 5.000 litros.
-Termo de corrente para quentar a auga.
-Estendedor da herba do silo.
-Rolos de silo.
☎670 898 481

Véndese

-Vaca galega de 2 anos, preñada de 5 meses.
En Aldixe (Abadín)
☎982 526 886

Véndese

-Herba seca en rulos de 1,40. Do ano 2018. Na zona de Oza dos Ríos (A Coruña).
☎619 267 520 (Carlos)

Véndese

-Dous pneumáticos Goodyear 380/70 R24 radiais, en bo uso.
☎657 390 490

Véndese

-Rolos de herba seca de 2018, de 1,20 x 1,40. Boa calidade.
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndese

-Xata de 7 meses.
-Xato de 8 meses.
Ambos inscritos en Acruga.
☎662 519 255

Véndese

-Rotativa pequena.
-Plastificadora.
-Cuba de auga de 2.500 l.
-Batedor de zurros.
-Remolque.
-Segadora BCS.
-Ringleirador.
☎669 836 716 (Lola)

Véndese

-Viño Barrantes e do país.
☎986 689 486

Véndese

-Prensa de queixo
-Autocargador-picador Mengele.
☎981 788 859 / 628 586 957

Véndese

-Silo de penso de 5.000 kg con dous compartimentos.
-Remolque para coches.
-Depósito de gasóleo.
-Poldro para mirar os pés das vacas.
-Pezas mecánicas dun Peugeot 205.
Na zona de Cambre.
☎667 925 467

Véndese

-Aboadora de péndulo marca Aguirre.
-Pincho para coller rulos.
-Canón de gasóleo para dar calor.
-Monomando de sirgas roque con distribuidor.
☎650 019 275

Véndese

-Remolque.
-Autocargador en bo estado.
-Touro Blonde e touro galego de 4 anos.
O Corgo
☎689 752 400 (Xosé)

OUTROS

Regálanse

-Dous cachorros de can de raza pequena.
En Barcia, Regoela (Cabanas).
☎644 791 378 / 981 446 501

Arréndanse

-Naves e almacén a pé de estrada, en Forcarei (Pontevedra). Lugar de Rabadeiras, 32
☎669 836 716 (Lola)

Búscase

-Traballador para explotación de vacas de carne en Castroverde (Lugo). Contrato a xornada completa. Condicións a negociar.
☎696 944 555 / 982 312 235

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Asesoría para mulleres do rural

PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES



TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES



016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Conchi Docampo foi das primeiras labregas que, tras denunciar a fiscalidade abusiva sobre as axudas de incorporación, recibiu unha sentenza favorable do Tribunal Económico Administrativo. Este foi só un dos atrancos que tivo que superar para poder vivir da terra en Vedra, onde se afincou coa súa parella en 2005 para dar vida, a partir de 2014, ao proxecto Burbullas de Sol, centrado na produción de hortalizas e froitas ecolóxicas que cultivan en dúas hectáreas de terras e mil metros de invernadoiro.

“Precisamos un plan integral para que a mocidade poida e queira vivir no rural”

✓ Por que tomastes a decisión de afincarvos en Vedra e vivir da terra?

Traballabamos en Compostela cando decidimos mercar a casa en Vedra e en 2005 mudámonos. De fondo latexaba xa a intención de facer profesionalmente algo vinculado ao agro. Pasaron varios anos, a participación nunha cooperativa de consumo reponsable e un par de fillas ata que decidimos dar o paso de facer alimentos agroecolóxicos, non soamente para autoconsumo, senón para outras familias. Tiñamos claro que se vivíamos no rural tamén tiñamos que xerar emprego no rural. O proxecto ten vocación de ser algo real, útil, froito do esforzo e o traballo e con capacidade de amosar alternativas. Os atrancos para que isto sexa así tamén son grandes.

✓ En que consistía o proxecto para o que solicitaches a subvención?

Cando dimos o paso eu aínda entraba no rango de moza, polo que decidimos solicitar a axuda de incorporación para poñer os invernadoiros, que nos parecían fundamentais para garantir os alimentos ás nosas familias consumidoras durante todo o ano.

✓ Fóronche útiles eses cartos recibidos para dar os primeiros pasos na actividade agraria?

Moito. Xa que puidemos ter 1.000 metros cadrados de invernadoiro dende o inicio da actividade, cousa que, sen o diñeiro, teríamos que ir facendo máis amodo.

✓ Que tipo de apoios ou servizos botaches de menos á hora de iniciarte na profesión labrega?

Unha das dificultades que atopamos foi o acceso á terra. Cando pides a axuda á incorporación esíxenche un documento ante notario de arrendamento ou cesión. Atopar fincas que cumpran os requisitos para facer este documento non é doado, e persoas dispostas a ir ao notario, tampouco. Nós tivemos moita sorte cun veciño do que traballamos dúas fincas.

Outra ferramenta existente pero ineficaz que podería solucionar esta problemática é o Banco de Terras, pero non funciona. Re-

cordo cando saíu a convocatoria da axuda á que me acollín: Foi en febreiro, chamei ao Banco de Terras e dixerónme que só abrían o prazo en marzo e novembro, polo que non podía facer ningunha solicitude fóra de prazo. Alucinante.

Os apoios que recibimos e resultaron fundamentais para nós foron os dos nosos compañeiros e compañeiras labregas da zona que xa estaban producindo en ecolóxico e facendo venda directa, que nos serviron de guía, aprendizaxe e axuda en moitos aspectos. A colaboración foi e é esencial. Cando decides que o teu proxecto teña como vía de comercialización a venda directa, tampouco é algo doado, xa que falta concienciación na sociedade do consumo de produto local ou de quilómetro cero, agroecolóxico e de tempada. Dende as administracións poderían concienciar co consumo de produto fresco local por medio dos comedores públicos (escolas, residencias, hospitais, etcétera).

✓ Cres que estas axudas para a incorporación de xente nova á actividade agraria son suficientes? Pensas que a Xunta está a facer todo o necesario para que a mocidade opte polo agro e por vivir rural?

As axudas nunca son suficientes pero, ademais, creo que habería que facer un plan integral, onde se recollera o acceso a terra, o acceso a vivenda, garantir unha renda mínima, ter uns servizos básicos cubertos, entre outras demandas, para que a mocidade queira e poida vivir e traballar no rural.

Cada vez imos perdendo máis servizos no rural e non se valora a función social e medioambiental da nosa actividade, sempre que esteamos facendo o noso traballo dunha maneira sostible, xa que hai outras actividades no rural que o que fan é depredar o medio. É fundamental que dende as administracións promovan a produción agroecolóxica, para vivir todos e todas en espazos máis limpos e respectuosos coas persoas e co medio.

